

## Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación da taxa de axudas á navegación, de xeito que se insiran exencións ao seu pagamento para a pesca artesanal e o marisqueo a flote (doc. núm. 38608).

### Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

“... e igualmente proceda a unha revisión das taxas autonómicas vixentes para o mesmo sector, tal que se estude o establecemento de posibles exencións ou bonificacións tendentes á redución dos seus importes cara ao ano 2020.”

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 11/09/2019 17:18:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2019 17:18:21**



## Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da exención da cota da xarda para a pesca accidental galega (doc. núm. 49985).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º.- Levar a cabo un estudo técnico e económico sobre as consecuencias para a frota galega da exención de cota para a pesca accidental galega. Sobre a base das súas conclusións solicitar, se for o caso, a exención da cota para a pesca accidental galega.

2º.- Acadar acordos de equilibrio sobre as cotas da xarda e outras especies, que nos equiparen con outras comunidades autónomas.

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 11/09/2019 17:17:14**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2019 17:17:36**



## Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a realización por parte do Goberno galego das xestións precisas para a posta en marcha do plan de sinalización de bateas antes do remate do ano 2018 (doc. núm. 37845).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as xestións precisas para que o Plan de sinalización de bateas, pendente desde 2015, poida ser unha realidade antes de rematar o ano 2019.”

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**María Dolores Toja Suárez na data 11/09/2019 17:24:53**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2019 17:25:10**



## Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a demanda polo goberno galego ao Goberno central de adopción das medidas oportunas para garantir a participación dos traballadores e traballadoras galegas embarcados en augas alleas ao Estado español en todos os procesos electorais (doc. núm. 49626).

### Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que pida ao Goberno central que estudie as dificultades para exercer o dereito ao voto dos traballadores embarcados e adopte as medidas necesarias para garantir efectivamente a súa participación electoral.

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**Patricia Otero Rodríguez na data 11/09/2019 17:18:59**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2019 17:19:13**



## Á Mesa da Comisión 8º

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da garantía da seguridade das frotas galegas que desenvolven a súa actividade en augas internacionais, en especial diante da decisión do Reino Unido de endurecer a vixilancia nas súas augas (doc. núm. 23018).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, dentro das súas competencias, realice dun xeito urxente un estudo no que se determinen os riscos aos que se enfronta a nosa frota ante un posible Brexit duro, así como as medidas concretas que minimicen o impacto dos ditos riscos na seguridade dos nosos barcos.

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**Patricia Otero Rodríguez na data 11/09/2019 17:54:20**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2019 17:54:48**

